

# ADAPTACIÓN DA CONCRECIÓN CURRICULAR CURSO 2021-2022

IES GONZALO TORRENTE BALLESTER

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.



# Adaptación da Concreción curricular Curso 2021-2022

IES GONZALO TORRENTE BALLESTER

<b>1 Criterios xerais para a avaliación do alumnado</b>	<b>3</b>
1.1 Criterios para o tratamento de materias pendentes	3
1.2 Criterios de promoción do alumnado de curso/etapa	3
1.2.1 Educación Secundaria Obrigatoria	3
1.2.2 Bacharelato	4
1.3 Criterios de Titulación	4
1.3.1 Educación Secundaria Obrigatoria	4
1.3.2 Bacharelato	5
<b>2 Criterios do outorgamento de matrículas de honra</b>	<b>6</b>
2.1 Educación Secundaria Obrigatoria	6
2.2 Bacharelato	6
<b>3 Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022</b>	<b>7</b>
3.1 Procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes.	7
3.1.1 ESO	7
3.1.2 Bacharelato	7
3.1.2.1 1º de bacharelato	7
3.1.2.2 2º de bacharelato	7
3.2 Criterios xerais nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a 3º avaliación e avaliación final na ESO.	7
3.3 Criterios xerais nas actividades de preparación probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC.	8
3.4 Criterios xerais nas actividades de preparación probas extraordinarias e e avaliación de acceso á universidade para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º BAC.	8



3.5 Protocolo para a elaboración do Informe avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación para o alumnado con materias/ámbitos con partes sen superar na etapa da ESO.	8
3.6 Modelo a utilizar por todo o profesorado para a modificación das programacións didácticas.	8
<b>4 Aprobación e publicidade</b>	<b>10</b>
4.1 Aprobación.	10
4.2 Publicidade.	10
4.2.1 Data publicidade na páxina web do centro.	10
4.2.2 Datas de información ás familias/alumnado por parte dos titores/as a través de Abalar móbil.	10



## 1 Criterios xerais para a avaliación do alumnado

### 1.1 Criterios para o tratamento de materias pendentes

1. O alumnado de educación secundaria obrigatoria que promocióne de curso con materias pendentes deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas materias, destinado á recuperación e superación das mesmas.
2. O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno ten pendente, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e co coñecemento do profesorado titor, e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada unha das alumnas ou dos alumnos destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.
3. O plan de reforzo debe incluír, cando menos:
  - a. Identificación da alumna ou do alumno.
  - b. Información relevante sobre a materia ou materias pendentes.
  - c. Currículo a desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
  - d. Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
  - e. Tarefas a realizar, coa debida temporalización.
  - f. Seguimento e avaliación.
  - g. Acreditación da información á familia.
4. En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Na sesión de avaliación final do curso no que está escolarizada a alumna ou o alumno, a profesora ou o profesor da materia pendente decidirá sobre a súa avaliación, nos termos que se establecen na normativa que regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria. En todo caso, para superar a materia pendente, a alumna ou o alumno deberá obter avaliación positiva no plan de reforzo correspondente, o que se terá en conta aos efectos de promoción e/ou titulación.

### 1.2 Criterios de promoción do alumnado de curso/etapa

#### 1.2.1 Educación Secundaria Obrigatoria

1. Ao finalizar cada un dos cursos da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa promoción. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna ou do alumno, e tendo en conta os criterios de promoción.
2. Para os efectos do disposto no punto anterior, acadará a promoción dun curso a outro o alumnado que superase as materias ou os ámbitos cursados ou teña avaliación negativa nunha ou dúas materias, considerándose para o cómputo as materias non superadas do propio curso e as de cursos anteriores. Ademais de nos casos anteriores, o equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:
  - a. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.



- b. Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.
- c. Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.
- d. Que o equipo docente considere que a devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

### 1.2.2 Bacharelato

1. Ao finalizar o primeiro curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente de cada alumna ou alumno adoptará a decisión sobre a súa promoción ao segundo curso.
2. As alumnas e os alumnos acadarán a promoción de primeiro a segundo de bacharelato cando superen as materias cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas materias como máximo. Para os efectos deste punto, só se computarán as materias que como mínimo a alumna ou o alumno deben cursar en cada un dos bloques. No bloque de materias de libre configuración autonómica só se computará Lingua Galega e Literatura, con independencia de que as alumnas e os alumnos poidan cursar máis materias do devandito bloque.
3. O alumnado que acade a promoción ao segundo curso con materias pendentes deberá matricularse delas e cursalas ao longo do curso. Os centros educativos organizarán as consecuentes actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes tendo en conta que a avaliación destas materias terá que ser anterior á das materias de segundo curso.
4. As alumnas e os alumnos do primeiro curso de bacharelato que non cumpran as condicións de promoción establecidas deberán matricularse de todas as materias e repetir o curso na súa totalidade.

## 1.3 Criterios de Titulación

### 1.3.1 Educación Secundaria Obrigatoria

1. Ao finalizar o cuarto curso da etapa e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente da alumna ou do alumno, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a súa titulación. A decisión será adoptada de xeito colexiado, atendendo á adquisición das competencias establecidas e á consecución dos obxectivos da etapa, sen prexuízo do establecido no artigo 7.2 desta orde, e tendo en conta os criterios de titulación.
2. Para os efectos do disposto no punto anterior, obterá o título de graduado en educación secundaria obrigatoria o alumnado que supere todas as materias ou ámbitos cursados. Ademais de no caso anterior, o equipo docente poderá decidir a obtención do título por parte dunha alumna ou dun alumno, sempre que se cumpran tamén todas as condicións seguintes:
  - a. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias en que estea matriculada ou matriculado nese ano académico sexa igual ou superior a cinco.
  - b. Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno adquirise as competencias establecidas.
  - c. Que a xuízo do equipo docente a alumna ou o alumno alcanzase os obxectivos da etapa.
3. O título de graduado en educación secundaria obrigatoria será único e expedirse sen cualificación.



4. As alumnas e os alumnos recibirán, ao concluíren a súa escolarización na educación secundaria obrigatoria, unha certificación oficial en que constará o número de anos cursados e o nivel de adquisición das competencias da etapa.
5. O alumnado que, logo de finalizado o proceso de avaliación do cuarto curso de educación secundaria obrigatoria, non obteña o título e supere os límites de idade establecidos no artigo 4.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, tendo en conta así mesmo a prolongación excepcional da permanencia na etapa que prevé a propia lei no artigo 28.5, poderao facer nos dous cursos seguintes a través da realización de probas ou actividades personalizadas extraordinarias das materias que non superase, de acordo co currículo establecido e coa organización e instrucións que dispoña a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional.

### 1.3.2 Bacharelato

1. O título de bacharel acredita o logro dos obxectivos establecidos para a etapa e a adquisición das competencias correspondentes.
2. Para obter o título de bacharel cumprirá a avaliación positiva en todas as materias dos dous cursos de bacharelato.
3. Excepcionalmente, o equipo docente poderá decidir a obtención do título de bacharel por unha alumna ou un alumno que superase todas as materias agás unha, sempre que se cumpran ademais todas as condicións seguintes:
  - a. Que o equipo docente considere que a alumna ou o alumno alcanzou as competencias e os obxectivos vinculados a ese título.
  - b. Que non se produciu unha inasistencia continuada e non xustificada por parte da alumna ou do alumno na materia e que supoña máis dun 10% da carga lectiva da materia.
  - c. Que a alumna ou o alumno se presentou ás probas e realizou as actividades necesarias para a súa avaliación, incluídas as da convocatoria extraordinaria.
  - d. Que a media aritmética das cualificacións obtidas en todas as materias da etapa cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata sexa igual ou superior a cinco. Neste caso, para os efectos do cálculo considerarase a nota numérica obtida na materia non superada.
4. O título de bacharel será único e expedirase con expresión da modalidade cursada e da nota media obtida, que se obterá calculando a media aritmética das cualificacións de todas as materias cursadas, expresada nunha escala de 0 a 10 con dous decimais, redondeada á centésima.
5. Para os efectos do cálculo da nota media para o alumnado que cambia de modalidade ou de materia en segundo curso, só se terán en conta as cualificacións das materias cursadas que como mínimo se requiran para a obtención do título pola modalidade pola que se remata.

## 2 Criterios do outorgamento de matrículas de honra

### 2.1 Educación Secundaria Obrigatoria

1. As alumnas e os alumnos que, logo da avaliación final do cuarto curso, obtivesen unha nota media do cuarto curso igual ou superior a nove puntos poderán recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no cuarto curso. En todo caso, cando no



centro docente o total de alumnado matriculado no cuarto curso de educación secundaria obrigatoria sexa inferior a vinte, poderá concederse unha mención de matrícula de honra.

2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.
3. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

Estes criterios serán estritamente obxectivos e numéricos polo que concederanse as mencións aos alumnos/as cunha maior nota media en 4º curso de ESO.

No caso de empate, atenderase por orde de prioridade aos seguintes puntos:

- a. Maior número de materias con nota de 10 en 4º curso.
- b. Mellor nota media nas materias comúns de 4º curso.
- c. Mellor nota media na etapa.

## 2.2 Bacharelato

1. O alumnado que, logo da avaliación final ordinaria do segundo curso, obtivese unha nota media do segundo curso igual ou superior a nove puntos poderá recibir a mención de matrícula de honra. A devandita mención poderá concederse, como máximo, a un número de alumnas ou alumnos igual ao enteiro máis próximo ao 5 % do total de alumnado matriculado no centro docente no segundo curso. En todo caso, cando no centro docente o total de alumnado matriculado no segundo curso de bacharelato sexa inferior a vinte, poderá concederse unha distinción de matrícula de honra.
2. A obtención da mención de matrícula de honra será consignada nos documentos de avaliación da alumna ou do alumno.
3. Os criterios para a concesión das mencións de matrícula de honra ao alumnado serán previamente acordados e establecidos na concreción curricular do centro, e deben ser obxectivos e públicos.

Estes criterios serán estritamente obxectivos e numéricos polo que concederanse as mencións aos alumnos/as cunha maior nota media no 2º curso de bacharelato.

No caso de empate, atenderase por orde de prioridade aos seguintes puntos:

- a. Maior número de materias troncais con nota de 10 en 2º curso.
- b. Mellor nota media nas materias comúns de 2º curso (se os empatados son de distinta modalidade).
- c. Mellor nota media nas materias propias de modalidade de 2º curso (se os empatados son da mesma modalidade).
- d. Mellor nota media entre 1º e 2º cursos de bacharelato.
- e. Mellor nota media na materia optativa de 2º cursada e valorada con puntuación: neste caso, daráselle prioridade á optativa que se corresponda cunha materia da modalidade cursada.
- f. Mellor nota media en 1º de bacharelato.



## 3 Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022

### 3.1 Procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes.

Especificar o procedemento que se segue co alumnado con materias pendentes para proporcionarlle a oportunidade de recuperalas:

#### 3.1.1 ESO

- Durante o curso en cada unha das avaliacións parciais.
- No período do 6 ao 22 de xuño mediante as actividades de recuperación.
- Na convocatoria ordinaria do 20 ao 22 de xuño.

#### 3.1.2 Bacharelato

##### 3.1.2.1 1º de bacharelato

- Durante o curso en cada unha das avaliacións parciais.
- No período do 6 ao 22 de xuño mediante as actividades de recuperación.
- Na convocatoria extraordinaria do 20 ao 22 de xuño.

##### 3.1.2.2 2º de bacharelato

- Durante o curso en cada unha das avaliacións parciais.
- Na convocatoria ordinaria de maio.
- Na convocatoria extraordinaria do 20 ao 22 de xuño.

Estableceranse dous calendarios para que os departamentos que así o teñan establecido dentro da programación didáctica, no seu “Plan de recuperación de pendentes”, realicen probas específicas co alumnado con materias pendentes:

- Un en maio, sempre que estea previsto no plan de recuperación de materias pendentes, e outro do 16 ao 22 de xuño para ESO
- Do 20 ao 22 de xuño para bacharelato.

### 3.2 Criterios xerais nas actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a 3ª avaliación e avaliación final na ESO.

1. As clases seguirán o seu horario habitual, polo que cada docente desenvolverá as actividades no seu horario lectivo.
2. Do 16 ao 22 de xuño establecerase un calendario para que aqueles departamentos que así o teñan establecido na súa programación didáctica poidan realizar probas específicas con todo o alumnado do departamento.





### 3.3 Criterios xerais nas actividades de preparación probas extraordinarias e a actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 1º BAC.

1. As clases seguirán o seu horario habitual, polo que cada docente desenvolverá as actividades no seu horario lectivo.
2. Do 20 ao 22 de xuño establecerase un calendario para que aqueles departamentos que así o teñan establecido na súa programación didáctica poidan realizar probas específicas con todo o alumnado do departamento.

### 3.4 Criterios xerais nas actividades de preparación probas extraordinarias e e avaliación de acceso á universidade para o período comprendido entre a avaliación final ordinaria e remate do período lectivo en 2º BAC.

1. As clases seguirán o seu horario habitual, polo que cada docente desenvolverá as actividades no seu horario lectivo.
2. Do 20 ao 22 de xuño establecerase un calendario para que aqueles departamentos que así o teñan establecido na súa programación didáctica poidan realizar probas específicas con todo o alumnado do departamento.

### 3.5 Protocolo para a elaboración do Informe avaliación individualizado que debe servir de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación para o alumnado con materias/ámbitos con partes sen superar na etapa da ESO.

1. O profesorado deberá elaborar un informe de avaliación individualizado para todo aquel alumnado que non superase toda ou parte da materia.
2. O modelo do informe será proporcionado pola Dirección do centro.
3. Ditos informes deberán entregarse por correo electrónico á Xefatura de estudos asinados e escaneados antes do 7 de xuño.

### 3.6 Modelo a utilizar por todo o profesorado para a modificación das programacións didácticas.

1. Cubrir en liña antes do 7 de abril o documento compartido de Google Workspace “Adaptación da Programación Didáctica 2021-2022”, segundo a Orde 25/01/2022.
2. Eliminar onde apareza o termo “avaliación extraordinaria”, xa que agora non existe na ESO.
3. Explicar de xeito claro como se determina a cualificación do alumnado tanto nas avaliacións parciais, incluída a 3ª avaliación (6 de xuño) como na avaliación final (23 de xuño). Si ben na 3ª avaliación (6 de xuño) teremos que estar en disposición de informar ao alumnado de se xa superou a materia ou non.
4. Indicar que actividades se van a levar a cabo co alumnado entre o 6 e o 22 de xuño, diferenciando entre o alumnado que xa superou a materia (actividades/proxectos/traballos/probas de ampliación que se recomenda non poidan



minorar a súa cualificación) e o que non superou a materia (actividades/proxectos/traballos/probas de reforzo e recuperación).



## 4 Aprobación e publicidade

### 4.1 Aprobación.

A presente modificación da Concreción curricular foi aprobada en sesión ordinaria do Claustro de profesorado o día 31 de marzo de 2022.

### 4.2 Publicidade.

#### 4.2.1 Data publicidade na páxina web do centro.

22 de abril de 2022

#### 4.2.2 Datas de información ás familias/alumnado por parte dos tutores/as a través de Abalar móbil.

22 de abril de 2022